

**PROGRAMACIÓN**

**ESA**

**ÁMBITO SOCIAL**

**MÓDULO III**

**CURSO 2023-2024**

**Profesor: Leonel Capote Hernández**

**IES – San Clemente – Santiago**

# Índice

1.INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN.....	4
2.OBXECTIVOS XERAIS E ESPECÍFICOS.....	4
2.1Obxectivos xerais.....	4
2.2Obxectivos específicos.....	6
3.CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVES.....	7
4.OBXECTIVOS DO MÓDULO III .....	12
4.1ÁMBITO SOCIAL.....	12
5.UNIDADES DIDÁCTICAS E PRINCIPAIS CONCRECIÓNS CURRICULARES. OBXECTIVOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS CLAVE.....	14
6.TEMPORALIZACION.....	23
7.CRITERIOS DE AVALIACIÓN.....	26
8.CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN.....	27
9.MÍNIMOS ESIXIBLES.....	27
10.PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN.....	29
11.INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN.....	30
12.TRATAMENTO DO FOMENTO DA LECTURA.....	30
13.TRATAMENTO DO FOMENTO DAS TIC.....	30
14.PLAN DE TRABALLO PARA A SUPERACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES.....	31
14.1CONTIDOS ESIXIBLES.....	31
14.2PROGRAMA DE REFORZO PARA A RECUPERACIÓN DOS MÓDULOS PENDENTES DE CURSOS ANTERIORES.....	31
14.3ACTIVIDADES DE AVALIACIÓN.....	32
15.METODOLOXÍA DIDÁCTICA.....	32
16.MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS (INCLUÍDOS OS LIBROS DE	

<b>TEXTO).....</b>	<b>33</b>
<b>17.PROGRAMACIÓN DE TEMAS TRANSVERSAIS.....</b>	<b>34</b>
<b>18.MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.....</b>	<b>35</b>
<b>19.ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.....</b>	<b>35</b>

## 1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

O ensino do *Ámbito Social* na Educación Secundaria para Adultos dentro da educación a distancia pretende formar ao alumnado na comprensión e valoración dos aspectos xeográficos e sociais que se producen na sociedade do presente e do pasado, creando unha actitude crítica ante os problemas e desigualdades do mundo actual.

No conxunto das ensinanzas regradas, o ensino a distancia ten as súas peculiaridades. A metodoloxía da aula virtual é unha proposta que posibilita o control da aprendizaxe por parte do propio estudante, amosándolle os seus progresos no desenvolvemento do proceso de aprendizaxe, permitindo así a coavaliación. O proceso de aprendizaxe debe contribuír a formar as/os alumnas/os para que, con liberdade e espírito crítico, saiba actuar na sociedade en que vive. Con todo, ao ser un ensino de adultos, moitos dos valores xa están formados, aínda que sexa preciso traballalos e reforzalos.

Os contidos seleccionados recollen aspectos xeográficos e históricos e teñen como obxectivo fundamental acadar as competencias básicas no eido da Xeografía e da Historia desde unha perspectiva científica, técnica e social, ademais de proporcionarlle ao alumnado a formación necesaria para que aprenda a ser máis respectuoso co medio natural e máis solidario coa sociedade en que vive.

No que atinxe á **contextualización**, o IES San Clemente é un centro urbano que se sitúa no casco histórico de Santiago de Compostela, na Rúa San Clemente s/n, e que posúe oferta educativa presencial para Ciclo Medio de Sistemas Microinformáticos e Redes, Ciclo Superior ASIR, Ciclo Superior DAM, Ciclo Superior ASIR Modular, Ciclo Superior DAW Modular, e oferta educativa a distancia como o Ciclo Medio SMR Modular, Ciclo Superior ASIR Modular, Ciclo Superior DAM Modular, Ciclo Superior DAW Modular, e os Bacharelatos e a ESA. O feito de estar a elaborar unha programación para o ensino a distancia semipresencial para o Módulo 1 da ESA na materia de *Ámbito Social* –como neste caso–, confírelle á mesma algunhas particularidades, entre as que destaca a heteroxeneidade do alumnado do centro, que procede de ámbitos moi diversos e por iso con intereses variados, que van desde o desexo de acceder a ciclos de Formación Profesional por parte dalgúns deles ata outros que aspiran a acceder aos estudos universitarios... Tomando en conta esa realidade complexa do alumnado do instituto, recóllense nesta programación as ferramentas e procedementos de avaliación máis axustados a esta realidade particular dos estudantes, que se abordará no apartado correspondente deste texto, xunto a outros aspectos que esixen un grao de adaptación particular da programación didáctica.

## 2. OBXECTIVOS XERAIS E ESPECÍFICOS

### 2.1 Obxectivos xerais

Segundo a normativa vixente, os obxectivos xerais da educación básica para as persoas adultas, oriéntase a desenvolver as capacidades que lles permitan:

- a) Formar unha imaxe adecuada de si mesmos, das súas características e posibilidades, valorando a súa experiencia, o esforzo e a superación das dificultades.
- b) Mostrar actitudes solidarias e tolerantes, valorando as situacións en que se deben realizar proxectos comúns e rexeitando todo tipo de discriminacións debidas á raza, ao sexo, á clase social, ás crenzas e a outras características individuais, sociais e culturais.
- c) Analizar os mecanismos e valores que rexen o funcionamento das sociedades, en especial os relativos aos dereitos e deberes dos cidadáns, elaborar xuízos e criterios persoais, con liberdade de pensamento e iniciativa.
- d) Valorar criticamente as crenzas, actitudes e valores básicos da nosa tradición e patrimonio e doutros existentes, discernindo a súa validez.
- e) Desenvolver e consolidar hábitos de estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas de aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- f) Desenvolver ou consolidar o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.
- g) Comprender e producir mensaxes orais e escritas con propiedade, autonomía e creatividade nas linguas galega e castelá e nunha lingua estranxeira, utilizándoas para a participación activa e plena na sociedade.
- h) Interpretar e producir con propiedade, autonomía e creatividade mensaxes que utilicen códigos artísticos, científicos e técnicos, co fin de enriquecer as súas posibilidades de comunicación tanto no ámbito cultural como laboral.
- i) Obter e seleccionar información utilizando as diferentes fontes en que esta se atopa, incluídas as que proporcionan as tecnoloxías da información e da comunicación, tratala de forma autónoma e crítica, e transmitila de maneira organizada e intelixible.
- j) Utilizar estratexias de identificación e resolución de problemas nos diversos campos de coñecemento e de experiencia, mediante procedementos intuitivos e de razoamento lóxico, contrastándoas e reflexionando sobre o proceso seguido.

- k) Analizar os mecanismos básicos que rexen o funcionamento do medio físico, valorar as repercusións que sobre el teñen as actividades humanas e contribuír activamente á súa defensa, conservación e mellora, como elemento determinante da calidade de vida.
- l) Coñecer e valorar o desenvolvemento científico e tecnolóxico, as súas aplicacións e a incidencia no medio físico e social.
- m) Coñecer e apreciar o patrimonio natural e cultural, especialmente o de Galicia, e contribuír activamente á súa conservación e mellora.
- n) Entender a diversidade lingüística e cultural como un dereito dos pobos e dos individuos á súa identidade, e desenvolver unha actitude de interese e respecto para o exercicio deste dereito, en especial no referente ao uso da lingua galega.
- o) Valorar as consecuencias dos actos e decisións persoais na saúde individual e colectiva, e os beneficios que supoñen os hábitos saudables.
- p) Combinar a cualificación técnica e profesional adquirida cun comportamento social e coa capacidade de afrontar e solucionar problemas.

## **2.2 Obxectivos específicos**

O Ámbito Social ten como finalidade que “o alumnado perciba, interprete e describa adecuadamente o mundo actual, para participar á vez que configura valores persoais e cívicos valiosos. O logro deste fin leva a progresiva adquisición de habilidades para acceder á información e realizar unha elaboración persoal do coñecemento, observar a realidade, adoptar criterios válidos para a toma de decisións, desenvolverse con autonomía e iniciativa persoal e interactuar positivamente cos demais, mostrando actitudes de responsabilidade e respecto que contribúan a mellorar a súa calidade de vida e o benestar colectivo. Contribúe ao entendemento que todo iso require o coñecemento do espazo onde se desenvolven as sociedades así como a comprensión da sociedade, a súa organización e funcionamento ao longo do tempo.”

O ensino dentro do Ámbito Social na ESA ten coma obxectivo desenvolver as seguintes capacidades:

- a) Promover un sentimento positivo de pertenza a unha comunidade como Galicia, a un estado histórico como é España e á cultura universal.
- b) Comprender que o patrimonio cultural, natural, histórico e artístico é diferente ao de outros lugares, participando activamente na súa defensa e

conservación.

- c) Aplicar os coñecementos adquiridos a partir do contacto coa realidade galega para comprender a súa situación actual.
- d) Identificar e valorar a pluralidade das comunidades sociais ás que pertence, con plena conciencia dos seus deberes e dereitos, e rexeitando discriminacións de todo tipo.
- e) Valorar a diversidade lingüística e cultural manifestando actitudes de tolerancia.
- f) Identificar as interaccións que as sociedades humanas establecen cos seus territorios na utilización do espazo e do aproveitamento dos recursos naturais.
- g) Identificar e analizar as relacións que se producen entre os feitos políticos, económicos e culturais que condicionan a traxectoria histórica das sociedades humanas, así como o papel que os individuos desempeñan nelas.
- h) Resolver problemas e levar a cabo estudos e pequenas investigacións aplicando os instrumentos conceptuais, as técnicas e os procedementos básicos das ciencias sociais.
- i) Obter e relacionar información verbal, estatística e cartográfica a partir de diversas fontes, sobre todo dos medios de comunicación, e tratala e transmitila de forma ordenada e clara.
- j) Recoñecer as peculiaridades do coñecemento científico sobre o social, valorando o carácter relativo e provisional dos seus resultados ou a aportación persoal do investigador.

### **3. CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVES**

As achegas do **Ámbito Social** á adquisición das competencias clave da aprendizaxe ao longo da vida son as seguintes:

**Comunicación lingüística (CCL):** A aprendizaxe deste Ámbito Social require a interacción social, a interpretación e expresión da concepción do mundo, para o que é esencial o desenvolvemento da competencia lingüística. O alumnado adquire coñecementos sobre a organización e o funcionamento da sociedade na que vive á vez que se familiariza con diferentes estilos comunicativos formais.

A consecución dos estándares de aprendizaxe propostos require a práctica de distintas destrezas adquiridas ao longo da vida mediante o uso da lingua, que implican o manexo de diferentes modalidades de comunicación e o acceso a múltiples soportes de información, con textos en varios formatos, nos que se empregan diversas linguaxes e sistemas de representación, tendo sempre presente que a linguaxe é un instrumento humano básico porque permite razoar.

**Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT):** O desenvolvemento do Ámbito Social contribúe á adquisición da competencia matemática xa que o alumnado aplica procesos de razoamento lóxico para comprender o funcionamento básico do sistema económico e político actual, e ao elaborar plans de acción que permitan alcanzar obxectivos persoais e profesionais e mellorar a calidade de vida. Ademais, fomenta a capacidade crítica e a aptitude apropiada para a elaboración de xuízos fundados ao abordar problemas cotiáns.

Tanto a interpretación de acontecementos e fenómenos como a experimentación no ámbito das Ciencias Sociais implican a comprensión e o manexo do sistema numérico, a realización de cálculos, a estimación e o cálculo de magnitudes, a situación no espazo, o tratamento e a representación da información e a valoración do azar e da probabilidade. Necesitan a aplicación do razoamento matemático e as súas ferramentas para describir, interpretar e predicir distintos fenómenos nos seus respectivos contextos, demostrando os resultados matemáticos e valorando as solucións pola súa fiabilidade e veracidade.

Así mesmo, favorecen o incremento de destrezas para abordar a incerteza, o tratamento dos datos e os razoamentos cualitativos e cuantitativos de maneira lóxica e argumentada para establecer relacións, para deducir conclusións coherentes ben fundamentadas a problemas cotiáns e para ampliar actitudes relacionadas coa asunción de criterios éticos asociados á ciencia, como a conservación de recursos naturais e outras cuestións ambientais. Todo iso contribúe ao desenvolvemento das capacidades necesarias para xerar coñecemento intrínseco ao método de investigación das Ciencias Sociais.

**Competencia dixital (CD):** O estudo das Ciencias Sociais implica necesariamente o uso das novas tecnoloxías da información e da comunicación e, por tanto, leva ao incremento das habilidades de procura, selección e recompilación de información e a desenvolver unha actitude crítica para analizar e interpretar a validez e fiabilidade do



contido, coa fin de resolver problemas, avaliar novas fontes de información e motivar a curiosidade polo coñecemento.

Ademais, este **Ámbito Social** contribúe á ampliación de capacidades comprendidas na competencia dixital para seleccionar os soportes máis apropiados para observar, elaborar hipóteses, informarse, experimentar, liquidar todo tipo de problemas, executar as tarefas técnicas adecuadamente e elaborar conclusións ben fundamentadas. Propón aprendizaxes mediante o uso dos diferentes recursos da tecnoloxías da información e a comunicación de maneira responsable, fiable e segura, tanto para resolver problemas como para producir novos contidos e comunicalos.

**Aprender a aprender (CAA):** A metodoloxía didáctica propia do ensino deste **Ámbito Social** prepara para formarse permanentemente ao longo da vida mediante propostas que permiten ao alumnado aprender a observar e exporse cuestións sobre a realidade, a informarse, a estudar, a realizar unha elaboración persoal do coñecemento, a reflexionar e a responder as cuestións que se expoñen na súa vida cotiá. Todo iso esperta a curiosidade, incrementa a motivación para incorporar novos coñecementos e facilita a execución de estratexias metacognitivas para unha aprendizaxe autónoma e eficiente.

Desenvolver proxectos específicos das Ciencias Sociais coaduxa a conseguir un nivel relevante en autonomía e eficacia da propia aprendizaxe, ao que se chega mediante traballos individuais e grupais. A formación en diferentes áreas do saber científico require un proceso introspectivo para valorar e relacionar os intereses e coñecementos previos con novos saberes e empregar todas as estratexias de estudo e traballo aprendidas: escoita activa, lectura, comprensión, análise, síntese, estruturación da información, elaboración persoal do saber, aplicación do coñecemento, etc.

**Competencias sociais e cívicas (CSC):** A análise e a reflexión sobre os contidos do **Ámbito Social** contribúen a afianzar a capacidade de identificar, interpretar, apreciar e axuizar acontecementos, feitos, fenómenos, comportamentos, hábitos e valores para interactuar socialmente mediante o diálogo, a cooperación e a participación a nivel local, nacional e europeo. Implican a toma de decisións ben fundamentadas e argumentadas para a comprensión e expresión de diferentes puntos de vista. Potencian actitudes inspiradas no exercicio da liberdade, o respecto, a tolerancia, a igualdade e a non discriminación. Deste xeito, a persoa prepárase para participar na actividade social e cívica, de acordo a valores socialmente establecidos, e axúdaselle a tomar conciencia democrática.

**Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE):** As tarefas necesarias para dar sentido aos contidos do **Ámbito Social** fomentan a capacidade de transformar ideas en actos, partindo de habilidades e destrezas persoais, ao incluír estratexias metacognitivas e procedementos que dotan ás persoas adultas de recursos para desenvolverse adecuadamente e afrontar de maneira autónoma retos persoais, sociais,

académicos e laborais de moi diversa índole. Consecuentemente, promóvense aptitudes para aproveitar a información, desenvolver ideas, resolver problemas e presentar conclusións innovadoras.

Por outra banda, potencian a capacidade de análise, pensamento crítico, resolución de problemas e toma de decisións do individuo, ao propoñer a interpretación e a análise crítica da información, coñecementos e acontecementos relacionados coas Ciencias Sociais. Deste xeito favorécese o aumento da capacidade requirida para afrontar a incerteza, deseñar e poñer en práctica plans de acción eficaces, propoñendo e argumentando solucións a diferentes problemas cotiáns, económicos e sociais, con autonomía e iniciativa persoais.

**Conciencia e expresións culturais (CCEC):** A persoa enriquece a súa competencia cultural ao coñecer, comprender, interpretar e gozar o labor humano, abordándoa como obxecto de estudo e como fonte de inspiración de creacións artísticas. A intervención humana na natureza e a cultura dos pobos pónense de manifesto na arte cos propósitos de informar, educar, crear e recrearse. A tecnoloxía é un constituínte esencial da cultura actual e, por iso, desempeña un papel fundamental como obxecto de estudo e representación e como instrumento de creación artística.

Este Ámbito Social realiza achegas importantes á competencia en conciencia e expresións culturais ao propoñer a reflexión e a posta en práctica de actitudes de respecto, aceptación e goce das diferentes manifestacións culturais e artísticas, valorando a liberdade de expresión, o dereito á diversidade cultural e o diálogo entre culturas e sociedades, pasadas e actuais, locais e universais, cun espírito aberto, positivo e solidario.

Dun xeito específico, desde o Módulo I facemos a achega ás competencias clave da aprendizaxe:

- **Competencia social e cidadá**
  - Comprender a achega que as diferentes culturas fixeron á evolución da humanidade.
  - Reflexionar de forma crítica sobre os feitos e problemas sociais e históricos.
  - Expresar as propias opinións de forma asertiva.
  - escoitar activamente, saber poñerse no lugar do outro e comprender o seu punto de vista.
  - Relacionarse, cooperar e traballar en equipo.
  - Comprender os valores democráticos.
  - Entender os comportamentos e as formas de vida en contextos históricos e/ou culturais distintos do propio.
- **Coñecemento e a interacción co mundo físico**
  - Coñecer as características do espazo físico no que se desenvolven a vida e a

actividade humana.

- Localizar no espazo os elementos do medio físico e os acontecementos históricos traballados.
- Analizar a acción do ser humano sobre o medio e interesarse pola conservación do medio ambiente.
- Aprender a orientarse e a situarse no espazo, utilizando mapas e planos.
- Realizar predicións e inferencias de distinto nivel de complexidade.

- **Competencia cultural e artística**

- Interesarse por contribuír á conservación do patrimonio cultural e artístico.
- Valorar a importancia do patrimonio para acceder ao coñecemento das sociedades do pasado.
- Desenvolver a sensibilidade para gozar con distintas expresións do patrimonio natural e cultural.

- **Tratamento da información e competencia dixital**

- Relacionar, analizar, comparar e sintetizar a información procedente das distintas fontes traballadas.
- Utilizar os buscadores para localizar información en Internet, seguindo un criterio específico.
- Obter información a través de fontes de distinta natureza: cartográficas, iconográficas, textuais, etc.
- Analizar datos cuantitativos de táboas e gráficas.

- **Competencia en comunicación lingüística**

- Saber expresar axeitadamente as propias ideas e emocións, oralmente e por escrito.
  - Interpretar textos de tipoloxía diversa, linguaxes icónicas, simbólicas e de representación.
- Utilizar diferentes variantes do discurso, en especial a descrición e a argumentación.
- Defender o punto de vista persoal con argumentos coherentes e pertinentes.
  - Elaborar definicións dos conceptos estudados, utilizando a terminoloxía máis axeitada en cada caso.
  - Escoitar, analizar e ter en conta opinións distintas á propia con sensibilidade e espírito crítico.

- **Competencia matemática**

- Interpretar escalas numéricas e gráficas.
- Analizar e comparar a información cuantitativa de táboas, listaxes, gráficos e mapas.

- Facer cálculos matemáticos sinxelos para comparar dimensións, calcular distancias e diferenzas horarias.
- **Competencia para aprender a aprender**
  - Desenvolver o gusto pola aprendizaxe continua e a actualización permanente.
  - Buscar explicacións multicausais para comprender un fenómeno e avaliar as súas consecuencias.
  - Anticipar posibles escenarios ou consecuencias das accións individuais e sociais.
  - Saber comunicar e expresar de forma efectiva os resultados do propio traballo.
  - Tomar conciencia do que se aprendeu e o que falta por aprender.
- **Autonomía e iniciativa persoal**
  - Comprender as actividades presentadas e planificar a estratexia máis axeitada para resolvelas.
  - Saber argumentar de forma lóxica e coherente os propios puntos de vista.
    - Tomar decisións e saber escoller a maneira de recuperar a información máis axeitada en cada caso.
  - Facer un seguimento das aprendizaxes realizadas.

## **4. OBXECTIVOS DO MÓDULO III**

### **4.1 ÁMBITO SOCIAL**

A liña de desenvolvemento, neste módulo III, debe estar relacionada tanto coa Historia como coa Economía.

Polo que respecta á Historia, o seu coñecemento lévanos a descubrir os cambios que tiveron lugar co pensamento Ilustrado, que dan paso a continuos cambios en pouco espazo de tempo e á aparición dun novo período da Historia obxecto de estudo neste módulo. Este período histórico caracterízase polos avances técnicos que dan lugar á aparición e introdución da máquina como factor de cambio na produción e traballo.

Imos coñecer tamén a Historia dos últimos tres séculos, de aí que os ámbitos temporais desta materia estean centrados na Idade Contemporánea.

Neste período de tempo aparecen importantes cambios na política, na economía e na sociedade, así como na forma de producir bens, na substitución da forza humana pola forza das máquinas, no uso de fontes de enerxía para mover as máquinas, etc. Ditos cambios van ser continuos e moi próximos no tempo, ata chegar á sociedade na que vivimos hoxe, moi influenciada polos avances tecnolóxicos dos últimos tempos e, por suposto, polos logros políticos.

A evolución da sociedade vai parella aos cambios económicos que se suceden e que van desembocar no actual proceso de globalización.

Os ámbitos espaciais están centrados en Europa, Península Ibérica, Galicia e, de maneira máis xeral, no resto do mundo.

A través do ensino-aprendizaxe dos conceptos e procedementos deste módulo chégase á comprensión e ao coñecemento das características históricas da presente etapa histórica desde o seu inicio: a Idade Contemporánea. Este feito permítenos ampliar os coñecementos de sucesos históricos acaecidos neste período da Historia máis recente.

Polo que respecta ao coñecemento da Economía, o seu estudo permítenos coñecer conceptos básicos do día a día na nosa economía, así como obxectivos e prioridades da mesma

## **5. UNIDADES DIDÁCTICAS E PRINCIPAIS CONCRECIÓNS CURRICULARES. OBXECTIVOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS CLAVE**

### **MÓDULO III – HISTORIA**

#### **UNIDADES DIDÁCTICAS**

#### **UNIDADE 9: Séculos XVIII e XIX. A Ilustración. As revolucións burguesas. O Imperio napoleónico. Os Borbóns en España. A Revolución Industrial**

1. Que foi o Antigo Réxime?  
Características principais do Antigo Réxime. - O despotismo ilustrado. - A Ilustración. En que consistiu a Ilustración?
2. O Século XVIII. As revolucións burguesas e a crise do Antigo Réxime. O Imperio napoleónico. Os Borbóns en España.  
As revolucións liberais burguesas. A independencia dos Estados Unidos (EE UU) en 1776. As trece colonias inglesas. - Do Imperio napoleónico á época da Restauración - Os Borbóns en España. Da Guerra de Sucesión á Guerra da Independencia
3. A Revolución Industrial  
O proceso de industrialización - A Revolución Industrial en España
4. As revolucións burguesas nos séculos XVIII e XIX. Liberalismo político.
5. Avances científicos e tecnolóxicos no século XIX.
6. A arte.
7. Glosario

#### **UNIDADE 10: O século XIX. Imperialismo. Século XX: I Guerra Mundial. A Revolución rusa. A época de entreguerras. Os fascismos. A II Guerra Mundial. A II República e a Guerra Civil.**

1. O Século XIX. Imperialismo.  
Causas do imperialismo - Consecuencias do imperialismo
2. Século XX: A Primeira Guerra Mundial. A Revolución rusa. Período de Entreguerras. A II Guerra Mundial.
3. O primeiro terzo do século XX en España e Galicia. II República e Guerra Civil.
4. A arte - A arte no século XX. Arte contemporánea.
5. Glosario.

**ÁMBITO SOCIAL. MÓDULO III**

Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de Aprendizaxe	Grao mínimo de consecución	Competencias clave
<b>Bloque 1 - Historia</b>					
<ul style="list-style-type: none"> <li>• b</li> <li>• c</li> <li>• d</li> <li>• l</li> <li>• m</li> </ul>	B1.1 A Ilustración e a revolución científica. O alcance das novas correntes do pensamento en España e Galicia.	B1.1 Coñecer o alcance da Ilustración como novo movemento cultural e social en Europa e en América.	B1.1.1 Analiza a obra de autores clave do inicio da Idade Contemporánea e a súa influencia a nivel cultural, social, político e económico.	Recoñecer obras do inicio da idade contemporánea	CSC CCEC CAA
			B1.1.2 Valora o alcance da Ilustración e da Revolución Científica dos séculos XVII e XVIII.	Explica o significado da Ilustración	CSC CMCCT CAA
			B1.2.1 Narra dunha forma sintética os principais feitos das revolucións burguesas do século XVIII, dando explicacións causais e valorando vantaxes e inconvenientes.	Recoñece obras da Ilustración	CSC CCEC
<ul style="list-style-type: none"> <li>• c</li> <li>• e</li> <li>• f</li> <li>• j</li> </ul>	B1.2 O século XVIII: as revolucións burguesas e a crise do Antigo Réxime.	B1.2 Comprender o inicio da Idade Contemporánea dende unha perspectiva social, política e económica.	B1.2 Comprender o inicio da Idade Contemporánea dende unha perspectiva social, política e económica.	Explica o significado das revolucións burguesas	CSC CAA CCL
	B1.3 Do Imperio Napoleónico á época da Restauración.	B1.3 Analizar as dificultades da diplomacia europea e o alcance dos conflitos durante a época napoleónica.	B1.3.1 Analiza as relacións entre reinos europeos que conduciron ás guerras.	Describe a situación política da Europa napoleónica	CSC CCL
<ul style="list-style-type: none"> <li>• c</li> <li>• e</li> <li>• f</li> </ul>	B1.4 Os Borbóns en España. Da Guerra de Sucesión á Guerra da Independencia. Galicia no século XVIII.	B1.4 Explicar, a través do caso español, os intentos de adaptación do Antigo Réxime e mantemento do poder por parte dos monarcas Europeos na época da Ilustración.	B1.4.1 Distingue as características de réximes monárquicos autoritarios, parlamentarios e absolutos	Describe as diferenzas dos réximes autoritarios, dos parlamentarios e absolutos	CSC CAA

<ul style="list-style-type: none"> <li>• c</li> <li>• e</li> <li>• i</li> <li>• j</li> </ul>	B1.5 A Revolución Industrial.	B1.5 Describir os feitos relevantes da Revolución Industrial, tendo en conta o seu encadeamento causal e o tipo de progreso que conleva, e analizar os seguintes cambios económicos en España e Galicia.	B1.5.1 Analiza a evolución da industrialización en diferentes países de España e diferentes países de Europa, América e Asia, nas súas distintas escalas temporais e xeográficas.	Compara a evolución industrial de España con Europa Occidental	CSC CAA CCL
			B1.5.2 Compara o proceso da Revolución Industrial en Inglaterra co doutros países.	Analiza a revolución industrial en Inglaterra	CSC CMCCT
			B1.5.3 Valora a industrialización en España e Galicia e a súa repercusión política e económica.	Expón os Cambios que ocasionou a industrialización en España e Galicia	CSC CMCCT CAA
			B1.5.4 Detecta e expón de maneira sintética os beneficios e inconvenientes que xerou a Revolución Industrial tendo en conta a situación laboral dos sectores máis desfavorecidos.	Describe o que supuxo a industrialización	CSC CAA
<ul style="list-style-type: none"> <li>• c</li> <li>• f</li> <li>• i</li> </ul>	B1.6 Revolucións burguesas nos séculos XVIII e XIX: liberalismo e nacionalismo. Alcance dos procesos revolucionarios en España e Galicia.	B1.6 Comprender o alcance e as limitacións dos procesos revolucionarios dos séculos XVIII e XIX.	B1.6.1 Sopesa as razóns dos revolucionarios para actuar como o fixeron.	Expón varias razóns que leva ao estoupido revolucionario	CSC CAA
			B1.6.2 Recoñece, mediante a análise de fontes de diversas épocas, o valor destas non só como información senón tamén como evidencia para os/as historiadores/as.	Describe unha imaxe gráfica das revolucións burguesas	CSC CAA CCL
<ul style="list-style-type: none"> <li>• c</li> <li>• i</li> <li>• l</li> <li>• m</li> </ul>	B1.7 Avances científicos e tecnolóxicos no século XIX. A arte.	B1.7 Valorar os movementos culturais e os principais avances científicos e tecnolóxicos do século XIX, consecuencia das revolucións industriais.	B1.7.1 Elabora un eixe cronolóxico cos principais avances científicos e tecnolóxicos do século XIX.	Cita distintos avances acaecidos no XIX.  .Distingue os movementos artísticos europeos dos asiáticos.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• CSC</li> <li>• CD</li> <li>• CAA</li> <li>• CSC</li> </ul> CCEC
			B1.7.2 Compara movementos artísticos europeos e asiáticos.	.Comenta unha	<ul style="list-style-type: none"> <li>• CSC</li> <li>• CCEC</li> </ul>
			B1.7.3 Comenta	.Comenta unha	<ul style="list-style-type: none"> <li>• CSC</li> <li>• CCEC</li> </ul>



			analiticamente diferentes tipos de obras de arte do século XIX.	pintura do XIX	CCL
<ul style="list-style-type: none"> <li>• b</li> <li>• c</li> <li>• d</li> <li>• i</li> </ul>	B1.8 A expansión imperialista. A conquista do mundo por parte das potencias industrializadas. España e Galicia durante o auge do colonialismo.	B1.8 Establecer xerarquías causais da evolución do imperialismo, identificando as potencias e a repartición de poder no mundo no último cuarto do século XIX e principios do XX.	B1.8.1 Razona a relación entre o imperialismo, a xeopolítica mundial e as relacións económicas transnacionais.	Expón algunha razón do imperialismo	<ul style="list-style-type: none"> <li>• CSC</li> <li>• CAA</li> </ul> CCL
<ul style="list-style-type: none"> <li>• c</li> <li>• d</li> <li>• e</li> <li>• i</li> </ul>	B1.9 O mundo de 1914 a 1918. A Primeira Guerra Mundial. A Revolución Rusa.	B1.9 Explicar os aspectos fundamentais da Gran Guerra e a Revolución Rusa, as súas consecuencias, e as súas interconexións.	B1.9.1 Comprende os aspectos básicos da Primeira Guerra Mundial e a orixe do novo mapa político de Europa.	Describe a Europa de 1914 ca Europa de 1918	
			B1.9.2 Contrasta algunhas interpretacións do alcance da Revolución Rusa na súa época e na actualidade.	Expón o alcance da Revolución Rusa	
<ul style="list-style-type: none"> <li>• b</li> <li>• c</li> <li>• e</li> <li>• i</li> <li>• j</li> </ul>	B1.10 A época de entreguerras: de 1919 a 1939. Os felices anos 20. A crise de 1929. O auge dos fascismos.	B1.10 Comprender os acontecementos, fitos e procesos máis importantes do período de entreguerras e analizar as causas do auge dos fascismos en Europa.	B1.10.1 Contrasta diferentes interpretacións de fontes históricas e historiográficas de distinta procedencia acerca dos procesos máis importantes do período de entreguerras.	Cita acontecementos da Europa de entreguerras	CSC CD CAA
			B1.10.2 Contrasta a crise de 1929 con crises posteriores.	Expón as causas da crise do 29	CSC CAA CCL CMCCT
			B1.10.3 Valora a loita da muller no movemento sufraxista.	Expón as razóns da loita das mulleres para votar	CSC CAA
			B1.10.4 Explica diversos factores que fixeron posible o auge do fascismo en	Cita os factores que favoreceron os fascismos	CSC CAA CCL

			Europa.		
<ul style="list-style-type: none"> <li>• b</li> <li>• c</li> <li>• d</li> <li>• j</li> </ul>	B1.11 A Segunda Guerra Mundial (1939-1945).	B1.11 Coñecer os principais feitos da Segunda Guerra Mundial e o contexto en que se desenvolveu o Holocausto, así como as súas consecuencias. europeo e mundial.	B1.11.1 Narra dunha forma fundamentada as causas e consecuencias da Segunda Guerra Mundial a distintos niveis temporais e xeográficos.	Expón as causas e as consecuencias da 2ª G M	CSC CD CAA CCL
			B1.11.2 Interpreta as razóns da fin da Segunda Guerra Mundial a nivel europeo e mundial .	Fundamenta a fin da 2ª G M	CSC CCL CAA
			B1.11.3 Explica as fases do conflito coa axuda de mapas e outras representacións.	.Explica a través dun mapa as fases da guerra.	CSC CD CAA CCL
			B1.11.4 Elabora un xuízo persoal do Holocausto e as súas consecuencias a partir de información procedente de diversas fontes.	.Describe o Holocausto	CSC CCEC CD CCL
<ul style="list-style-type: none"> <li>•</li> </ul>	B1.11.3 Explica as fases do conflito coa axuda de mapas e outras representacións.	B1.12 Coñecer as tensións que levaron en España á proclamación da Segunda República e ao estoupido da Guerra Civil.	B1.12.1 Explica as principais reformas durante a II República española e reaccións a elas.	Analiza as reformas republicanas	CSC CCL CAA
			B1.12.2 Explica as causas da Guerra Civil española no contexto europeo e internacional.	Expón as causas da Guerra Civil	

## MÓDULO III – ECONOMÍA

### UNIDADES DIDÁCTICAS

#### **UNIDADE 11: Planificación económico-financiera. Os orzamentos.**

1. Ingresos e gastos. Identificación e control.
2. Que é e como se elabora un orzamento?  
Regras básicas para controlar os ingresos e os gastos - Estrutura dun orzamento - Pasos para elaborar un orzamento.
3. Necesidades económicas nas etapas da vida.
4. Aforro e endebedamento. Os plans de pensións  
O aforro - Aforrar ou endebedarse? - Os plans de pensións.
5. Risco e diversificación - Risco financeiro - Diversificación
6. Glosario

#### **UNIDADE 12: O diñeiro. O mercado financiero**

1. O diñeiro - Funcións do diñeiro - A evolución do diñeiro - Tipos de diñeiro - Contas bancarias - As tarxetas - A banca en liña
2. O mercado financeiro
3. O contrato de seguro
4. Glosario

## MÓDULO III - ECONOMÍA

### Bloque 2

Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de Aprendizaxe	Grao mínimo de consecución	Competencias clave
			<p>B2.1.2 Utiliza ferramentas informáticas na preparación e desenvolvemento dun orzamento ou plan financeiro personalizado.</p>	<p>Na elaboración do plan anterior fai uso da informática</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• CAA</li> <li>• CD</li> <li>• CMCCT</li> </ul>
			<p>B2.1.3 Manexa gráficos de análise que permiten comparar unha realidade personalizada coas previsións establecidas.</p>	<p>Compara distintos gráficos do plan financeiro e o comenta</p>	
<ul style="list-style-type: none"> <li>• a</li> <li>• c</li> <li>• f</li> <li>• i</li> <li>• p</li> </ul>	<p>B2.3 Planificación económico-financeira: necesidades económicas nas etapas da vida.</p>	<p>B2.2 Decidir con racionalidade ante as alternativas económicas da vida persoal, e relacionais co benestar propio e social.</p>	<p>B2.2.1 Comprende as necesidades de planificación e do manexo de asuntos financeiros ao longo da vida. Esa planificación vincúlase á previsión realizada en cada etapa de acordo coas decisións tomadas e a marcha da actividade económica nacional.</p>	<p>Describe a necesidade da planificación das finanzas</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• CAA</li> <li>• CSIEE</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>• a</li> <li>• i</li> <li>• j</li> <li>• p</li> </ul>	<p>B2.4 Aforro e endebedamento. Os plans de pensións.</p>	<p>B2.3. Expresar unha actitude positiva cara ao aforro, e empregar o aforro como</p>	<p>B2.3.1 Recoñece e explica a relevancia do aforro e do control do gasto.</p>	<p>Expón a necesidade do aforro</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• CAA</li> <li>• CSC</li> </ul>

	B2.5 Risco e diversificación.	medio para alcanzar diversos obxectivos.	B2.3.2. Analiza as vantaxes e inconvenientes do endebedamento, valorando o risco e seleccionando a decisión máis axeitada para cada momento.	Analiza o risco do endebedamento.		
<ul style="list-style-type: none"> <li>• a</li> <li>• i</li> <li>• j</li> <li>• P</li> </ul>	<p>B2.6 O diñeiro.</p> <p>B2.7 Contratos financeiros: contas e tarxetas de débito e crédito.</p> <p>B2.8 Relacións no mercado financeiro: información e negociación.</p> <p>B2.9 Implicacións dos contratos financeiros. Dereitos e responsabilidades dos/das consumidores/as no mercado financeiro.</p>	<p>B2.4 Recoñecer o funcionamento básico do diñeiro e diferenciar os tipos de contas bancarias e de tarxetas emitidas como medios de pagamento, e valorar a oportunidade do seu uso con garantías e responsabilidade.</p>	B2.4.1 Comprende os termos fundamentais e describe o funcionamento das contas na operativa bancaria	Describe o funcionamento das operacións bancarias.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• CAA</li> <li>• CCL</li> <li>• CD</li> <li>• CSC</li> </ul>	
			B2.4.2 Valora e comproba a necesidade de interpretar as cláusulas dos contratos bancarios para coñecer os dereitos e as obrigas que se derivan delas, así como a importancia de operar en condicións de seguridade cando se empregan procedementos telemáticos.	Interpreta os contratos bancarios		
			B2.4.3 Recoñece a capacidade de negociación coas entidades financeiras e analiza os procedementos de reclamación ante estas.	Expón as necesidades das negociacións coas entidades financeiras		<ul style="list-style-type: none"> <li>• CAA</li> <li>• CD</li> </ul>
			B2.4.4 Identifica e explica as modalidades de tarxetas bancarias, así como os elementos e os procedementos que garanten a seguridade na súa operativa.	Identifica as distintas tarxetas bancarias		<ul style="list-style-type: none"> <li>• CCL</li> <li>• CD</li> <li>• CMCCT</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>• a</li> <li>• c</li> <li>• i</li> </ul>	B2.10. O seguro como medio para a cobertura de	B2.5.1 Identifica, describe e	B2.5.1 Identifica, describe e clasifica os tipos	Distingue os distintos tipos de seguros	<ul style="list-style-type: none"> <li>• CAA</li> <li>• CCL</li> </ul>	

<ul style="list-style-type: none"> <li>p</li> </ul>	riscos. Tipoloxía de seguros.	clasifica os tipos de seguros segundo os riscos ou as situacións adversas nas etapas da vida.	de seguros segundo os riscos ou as situacións adversas nas etapas da vida.		<ul style="list-style-type: none"> <li>CMCCT</li> </ul>
---	-------------------------------	---	--	--	---

## 6. TEMPORALIZACION

### MÓDULO III

Como a ESA ten carácter cuatrimestral, as súas avaliacións están distribuídas en dous momentos deste período, que son os seguintes:

- As unidades correspondentes ao Bloque 1 de Historia → da Unidade 1 (A Ilustración e a revolución científica) ata a Unidade 9 (A época de entreguerras) serán a materia da 1ª avaliación.
- As unidades continuación do Bloque de Historia: A Segunda Guerra Mundial e O primeiro terzo do século XX en España e Galicia, así como as do Bloque 2 correspondentes ao bloque de Economía, serán a materia da 2ª avaliación.

Tanto na 1ª como na 2ª avaliación está previsto que cada unidade se corresponda cunha semana lectiva, aínda que o tempo será bastante xusto. Dada a extensión dalgunha das unidades faremos fincapé nos aspectos máis importantes e centrarémonos nas ideas xerais dos mesmos.

Aproveitaremos tamén o tempo de Nadal para poder cumprir o programa da 2ª avaliación, dado que este período lectivo é máis curto.

Estas Unidades didácticas que aparecen a continuación impartiranse de maneira semellante no primeiro e segundo cuatrimestre do Módulo 3 (ao longo de cada curso). A saber, na primeira avaliación de cada cuatrimestre examinarase das dúas unidades da materia de Historia, e na segunda avaliación terá lugar o exame das dúas unidades restantes correspondentes á materia de Economía.

## MÓDULO III – HISTORIA

### PRIMEIRA AVALIACIÓN

#### **UNIDADE 9: Séculos XVIII e XIX. A Ilustración. As revolucións burguesas. O Imperio napoleónico. Os Borbóns en España. A Revolución Industrial**

8. Que foi o Antigo Réxime?  
Características principais do Antigo Réxime. - O despotismo ilustrado. - A Ilustración. En que consistiu a Ilustración?
9. O Século XVIII. As revolucións burguesas e a crise do Antigo Réxime. O Imperio napoleónico. Os Borbóns en España.  
As revolucións liberais burguesas. A independencia dos Estados Unidos (EE UU) en 1776. As trece colonias inglesas. - Do Imperio napoleónico á época da Restauración - Os Borbóns en España. Da Guerra de Sucesión á Guerra da Independencia
10. A Revolución Industrial  
O proceso de industrialización - A Revolución Industrial en España
11. As revolucións burguesas nos séculos XVIII e XIX. Liberalismo político.
12. Avances científicos e tecnolóxicos no século XIX.
13. A arte.
14. Glosario

#### **UNIDADE 10: O século XIX. Imperialismo. Século XX: I Guerra Mundial. A Revolución rusa. A época de entreguerras. Os fascismos. A II Guerra Mundial. A II República e a Guerra Civil.**

6. O Século XIX. Imperialismo.  
Causas do imperialismo - Consecuencias do imperialismo
7. Século XX: A Primeira Guerra Mundial. A Revolución rusa. Período de Entreguerras. A II Guerra Mundial.
8. O primeiro terzo do Século XX en España e Galicia. II República e Guerra Civil.
9. A arte - A arte no século XX. Arte contemporánea.
10. Glosario.



## MÓDULO III – ECONOMÍA

### SEGUNDA AVALIACIÓN

#### **UNIDADE 11: Planificación económico-financeira. Os orzamentos.**

7. Ingresos e gastos. Identificación e control.
8. Que é e como se elabora un orzamento?  
Regras básicas para controlar os ingresos e os gastos - Estrutura dun orzamento - Pasos para elaborar un orzamento.
9. Necesidades económicas nas etapas da vida.
10. Aforro e endebedamento. Os plans de pensións  
O aforro - Aforrar ou endebedarse? - Os plans de pensións.
11. Risco e diversificación - Risco financeiro - Diversificación
12. Glosario

#### **UNIDADE 12: O diñeiro. O mercado financeiro**

5. O diñeiro - Funcións do diñeiro - A evolución do diñeiro - Tipos de diñeiro - Contas bancarias - As tarxetas - A banca en liña
6. O mercado financeiro
7. O contrato de seguro
8. Glosario

## 7. CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Ao tratarse dun ensino a distancia, boa parte do protagonismo do proceso de ensino-aprendizaxe recaerá no propio alumnado. É moi importante que o alumnado estea en contacto co profesor nas horas de Titoría Multimedia ou que polo menos acceda dunha forma periódica á Aula Virtual para consultar toda a información que o profesor vaia incorporando.

Ao longo do curso realizaranse dúas probas (exames), fixadas a tal fin pola xefatura de estudos, que constituirán o 100% da nota final da alumna/o.

De non superaren a proba obxectiva da primeira avaliación, as/os alumnas/os deberán examinarse de toda a materia na segunda avaliación ou final. A nota final obterase da media das dúas probas obxectivas realizadas durante o cuadrimestre ou, no seu defecto, da nota obtida no exame final.

As probas obxectivas consistirán nunha serie de preguntas que debe responder o alumnado. Estas cuestións combinarán exercicios de resposta verdadeiro/falso, resposta múltiple, comprensión de pequenos textos, gráficos, imaxes, cuestións de desenvolver, definición de conceptos... As devanditas preguntas poderán variar no que a extensión e puntuación se refire. A nota final virá indicada numericamente, debendo obterse unha nota mínima de 5 sobre 10 para superar a materia de cada proba escrita para poder superar a avaliación.

## 8. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

ACTIVIDADES AVALIADORAS	NÚMERO MÍNIMO POR AVALIACIÓN	PORCENTAXE NOTA AVALIACIÓN	NA DA
1-EXAMES: -Abertos ou de redacción. -Pechados.	1	100 %	
2-TRABALLOS (en caso de poñelos): Voluntarios: -Exercicios complementarios para cada tema, colocados polo profesor na aula virtual.			
3. EXPRESIÓN ESCRITA			

Os exames versarán sobre todos os contidos e actividades realizadas no período que se avalíe. **Precisarase un mínimo de 5 puntos sobre 10 en cada proba escrita para poder superar a avaliación.**

En caso de poñer traballos na Aula Virtual, considerarase como actitude positiva a entrega puntual dos traballos voluntarios na data establecida polo profesor. A entrega posterior a esta data fixada dos traballos voluntarios non será admitida. A expresión escrita sempre sumará, nunca restará.

## 9. MÍNIMOS ESIXIBLES

1-Recoñecer obras do inicio da idade contemporánea

2-Explicar o significado da Ilustración

3-Recoñecer obras da Ilustración

- 4-Explicar o significado das revolucións burguesas
- 5-Describir a situación política da Europa napoleónica
- 6-Describir as diferenzas dos réximes
- 7-Comparar a evolución industrial de España con Europa Occidental
- 8-Analizar a revolución industrial en Inglaterra
- 9-Expoñer os cambios que ocasionou a industrialización en España e Galicia
- 10- Describir o que supuxo a industrialización
- 11-Expoñer as variadas razóns que levan ao estoupido revolucionario
- 12-Describir unha imaxe gráfica das revolucións burguesas
- 13-Citar distintos avances acaecidos no XIX
- 14-Distinguir os movementos artísticos europeos
- 15-Comentar unha pintura do XIX
- 16-Expoñer algunha característica do imperialismo
- 17-Explicar as causas da 1ª Guerra Mundial
- 18-Describir a Europa de 1914 ca Europa de 1918
- 19-Expoñer o alcance da Revolución Rusa
- 20-Citar acontecementos da Europa de entreguerras
- 21-Expoñer as causas da crise do 29
- 22-Expoñer as razóns da loita das mulleres para votar
- 23-Citar os factores que favoreceron os fascismos
- 24-Expoñer as causas e as consecuencias da 2ª Guerra Mundial
- 25-Fundamentar a fin da 2ª Guerra Mundial
- 26-Explicar a través dun mapa as fases da guerra.

- 27-Describir o Holocausto
- 28-Analizar as reformas republicanas
- 29-Expoñer as causas da Guerra Civil
- 30-Interpretar gráficos variados
- 31-Describir a necesidade da planificación das finanzas
- 32-Expoñer a necesidade do aforro
- 33-Analizar o risco do endebedamento
- 34-Describir o funcionamento das operacións bancarias
- 35-Interpretar os contratos bancarios
- 36-Recoñecer a capacidade de negociación coas entidades financeiras e analizar os procedementos de reclamación ante estas
- 37-Identificar e explicar as modalidades de tarxetas bancarias, así como os elementos e os procedementos que garanten a seguridade na súa operativa
- 38-Distinguir os distintos tipos de seguros

## **10. PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN**

A avaliación do alumnado basearase no seguinte:

- Cada semana, o profesor indicará na aula virtual unha orientación do tema a traballar nesa semana. Como o ensino é a distancia, o alumnado poderá distribuír os contidos segundo quixer, mais a tarefa do profesor será ir guiando nunha distribución o máis axeitadamente posible os contidos e actividades (en caso de colgalas na Aula Virtual) ao longo do curso. En caso de poñer actividades, cada semana o profesor achegará ao alumnado unha serie de actividades voluntarias sobre o tema que están a tratar.
- Ao final de cada cuadrimestre o profesor desenvolverá unha proba escrita sobre as unidades didácticas traballadas nese tempo.
- Ao longo de cada cuadrimestre o profesor, se é que sube exercicios á Aula Virtual, corruxirá os exercicios voluntarios achegados polo alumnado e remitirá os resultados a través da aula virtual.

## 11. INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Para poder avaliar a consecución dos obxectivos e o dominio das competencias básicas de cada módulo, o profesor terá en conta:

- O resultado das dúas probas escritas, unha por cada avaliación, que todo o alumnado deberá desenvolver ao longo do módulo, un por cada cuatrimestre.
- A participación activa das/os alumnas/os na aula virtual, as consultas a través da propia aula, do foro disposto na web, etc. Tamén se terán en conta en caso de dúbida na nota final, no caso de ter postos os exercicios voluntarios, os que foran feitos e entregados polas/os alumnas/os nos prazos marcados.

## 12. TRATAMENTO DO FOMENTO DA LECTURA

A singularidade da educación a distancia, co seguimento da materia a través da aula virtual, traballando en grande parte os materiais colgados nela, fan que a lectura sexa básica para unha boa consecución das competencias básicas. A transmisión oral, profesor-alumna/o, alumna/o-profesor, sempre presente e accesible, está vinculada fundamentalmente á titoría presencial, que se desenvolve unha vez á semana, así como ás horas de atención telefónica. Deste xeito, a lectura é básica, xa que o achegamento á materia faise lendo os materiais colgados na web.

Para todos os temas tratados ao longo do módulo, é posible que se lle acheguen ao alumnado lecturas complementarias que o axuden a afondar nos obxectivos e competencias básicas e, se é posible, incentivarase o seu uso a través de traballos complementarios.

## 13. TRATAMENTO DO FOMENTO DAS TIC

No sistema de ensino da ESA a distancia, o uso das TICs é un dos instrumentos e recursos básicos de aprendizaxe e de comunicación entre alumnado e profesorado. Pode resultar redundante este obxectivo, sen embargo sempre debemos fomentar que o alumnado saque o máximo proveito destes recursos e desenvolva a súa autonomía.

Aproveitando a grande base que supón a aula virtual coa que conta o centro (<http://www.iessanclemente.net>) traballarase para:

- Estimular ao alumnado no uso de todas as utilidades da plataforma educativa para que consigan un maior aproveitamento das súas posibilidades (foros, FAQs, correo, fonoteca,...).

- Fomentar a busca selectiva de información en internet de forma precisa e rápida. Para conseguir este obxectivo, a información que se facilite ao alumnado deberá ser ordenada, diferenciando os documentos de obrigado estudo, dos que sexan de ampliación, evitando así o exceso de información.

Por outra banda, nas titorías presenciais insistiremos en:

- Utilizar programas de presentacións informáticas (tipo power point), na busca de estimular unha explicación clara e concisa da materia, axudando a desenvolver a capacidade de síntese de todo o alumnado.
- Utilizar a pantalla virtual existente no centro.

## **14. PLAN DE TRABAJO PARA A SUPERACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES**

### **14.1 CONTIDOS ESIXIBLES**

Todo o alumnado que non acadase os obxectivos mínimos nin adquirise as competencias básicas establecidas para cada módulo do Ámbito Social da Educación Secundaria de adultos, terá unha nova oportunidade de adquirilos.

Entendemos que os contidos esixibles para a superación do módulo pendente serán os mesmos indicados no apartado de mínimos esixibles para a contribución das materias ao logro das competencias básicas. Neste apartado de mínimos esixibles veñen enumerados os contidos mínimos que consideramos que son ineludibles para unha comprensión elemental dos temas tratados en cada módulo e que van permitir o logro das competencias básicas.

### **14.2 PROGRAMA DE REFORZO PARA A RECUPERACIÓN DOS MÓDULOS PENDENTES DE CURSOS ANTERIORES**

No ensino a distancia é fundamental a constancia do alumnado, xa que disto depende en boa medida a consecución dos obxectivos previstos neste tipo de educación. O illamento do alumnado fai que ante as primeiras dificultades haxa un bo número de matriculados que abandonen ou relaxen as súas actividades. Cómpre, pois, que o profesor exerza de guía, marque as pautas de estudo e axude nos ritmos ao alumnado.

É importante que os/as estudantes que non desen superado os obxectivos dun módulo non abandonen e se presenten á avaliación extraordinaria que se lles oferta. Para manter ese ritmo de traballo e de estudo, a través da aula virtual, o profesor deseñará un programa de reforzo que permita a recuperación do módulo pendente.

O obxectivo fundamental do programa de reforzo é ir marcando, a ser posible a través dunhas actividades voluntarias, as pautas de traballo que ten que seguir quen queira recuperar algún módulo pendente. As actividades son voluntarias, porque a finalidade non é avaliadora, senón sobre todo que sirva de guía ao alumnado.

As actividades (se é posible colgalas) consistirán en:

1. Exercicios de preguntas tipo exame para insistir nos contidos teóricos fundamentais.
2. Probas prácticas para afondar no dominio dos diferentes procedementos traballados no módulo.

Se non hai actividades colgadas:

- Afondar no repaso do exame corrixido que está colgado na Aula Virtual, tratando de facelo varias veces e razoando as respostas.
- Tratar de traballar as ilustracións das unidades, así como os textos, citas, etc. que hai nos contidos das unidades.

### **14.3 ACTIVIDADES DE AVALIACIÓN**

Para poder avaliar a consecución dos obxectivos e o dominio das competencias básicas do módulo que as/os alumnas/os deben recuperar, o profesor contará con:

1. A avaliación extraordinaria do módulo: Unha proba escrita na que se avaliará sobre os contidos mínimos esixibles.
2. En caso de subir o profesor exercicios: a realización das actividades voluntarias. Este apartado contará sempre que haxa dúbida na nota.
3. A participación activa das/os alumnas/os na aula virtual, as consultas a través da propia aula, do foro disposto na web, etc.

## **15. METODOLOXÍA DIDÁCTICA**

O ensino a distancia ten unhas características propias que a singularizan dentro do conxunto dos ensinos regrados. Entre unha das estratexias de aprendizaxe que se propoñen atópanse:

1. A retroalimentación como estratexia de avaliación formativa.



2. A metodoloxía da aula virtual (*on line*) é unha proposta moi interesante porque posibilita o control da aprendizaxe por parte do propio estudante. A aula virtual permítelle a/o estudante amosar os seus progresos no desenvolvemento do proceso de aprendizaxe e, polo tanto, permite a coavaliación.

3. O foro como estratexia de avaliación sumativa.

A respecto da retroalimentación como estratexia de avaliación formativa considérase como unha comunicación descritiva continua que facilita información ao estudante ou ao grupo sobre como son os seus avances ou progresos ao comezo, durante, e ao final do desenvolvemento dos procesos de ensino e de aprendizaxe.

O foro como ferramenta de avaliación está dirixido á autoavaliación e á coavaliación, xa que permite desenvolver un tema específico que os estudantes irán nutrido e xerando un debate coas diferentes formulacións e intervencións que realicen. Estes serán moderados polo profesor que conducirá as intervencións cara ao propósito avaliativo, que xa fora negociado con anterioridade cos estudantes, e establecendo os criterios de avaliación con claridade e precisión do que se espera lograr.

A aula virtual é un recurso no que mostra a natureza evolutiva do desenvolvemento do proceso de aprendizaxe, brinda a oportunidade para reflexionar sobre o crecemento do estudante, proporciona evidencia do coñecemento, as habilidades e as disposicións de quen o elabora e reflicte o que se quere aprender e o xa aprendido. É a historia dos procesos de ensino e aprendizaxe de cada estudante. Nel alóxanse todas as actividades realizadas polos estudantes e obsérvanse os cambios evolutivos dos procesos.

Estas estratexias brindan autonomía e requiren do desenvolvemento de competencias comunicativas, unha estrutura do proceso avaliativo que se constrúe en base ao diálogo para que se establezan compromisos pedagóxicos que posibiliten o éxito do estudante a distancia. O uso das tecnoloxías permite a interdependencia, a interacción inmediata, mediata, oportuna e pertinente. Require planificación, claridade e precisión, a formulación de criterios e do que se quere avaliar e pretende avaliar en cada unha das actividades.

## **16. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS (INCLUÍDOS OS LIBROS DE TEXTO)**

Dado que no presente curso non hai materiais editados pola Consellería de Educación da Xunta de Galicia para a ESA, o profesor confeccionará as correspondentes Unidades a partir de libros de texto vixentes e en relación coa actual lei de educación, e de distintas editoriais, así como de manuais de Historia, Arte, etc., coa fin de facilitarlles o estudo ao alumnado.

Ademais, na medida do posible, proporcionaráselle ao alumnado material complementario, a través da aula virtual, como gráficas, mapas, mapas conceptuais, etc., que faciliten o traballo e a comprensión da materia de cada módulo. Isto complementarase con vídeos, de breve duración, que faciliten a comprensión da materia vista en cada unha das unidades.

Cómpre destacar especialmente todos os recursos estritamente educativos –ou outros relacionados coas materias– que presenta internet. O papel do profesor será animar a indagar e afondar en internet polos diferentes contidos do curso, así como establecer unhas orientacións básicas que axuden ao alumnado a non perderse nesa enorme fonte de información. Insistirase neste eido na busca de que o alumnado se converta no principal protagonista do proceso educativo, desenvolvendo a competencia de aprender a aprender, utilizando distintos recursos e fontes xeográficas, históricas e económicas. É fundamental o traballo individual.

## **17. PROGRAMACIÓN DE TEMAS TRANSVERSAIS**

Os temas transversais prográmanse ao longo de todo o currículo da materia, integrados no conxunto dos contidos da materia. No ámbito da sociedade abordamos de forma transversal os seguintes:

- Educación moral e cívica
- Educación para a paz
- Educación para igualdade de oportunidades entre ambos sexos
- Educación ambiental
- Educación para a saúde e educación sexual Educación viaria
- Educación para o consumo

Os temas transversais perseguen que a educación integral das persoas teña en conta non só as capacidades cognitivas e intelectuais, senón atender tamén ao desenvolvemento da capacidade afectiva, da relación interpersoal e social. Axudan a desenvolver persoas reflexivas e críticas co entorno social e físico, que coíden de si mesmas, e que sexan quen de implicarse en cambios de actitudes prexudiciais por outras máis respectuosas consigo mesmo, co medio natural e coa sociedade en xeral.

Dentro deste Ámbito Social incidirase especialmente na igualdade de xénero, as consecuencias das desigualdades ao longo da historia, a educación para o coidado do medio, para a paz, a interculturalidade, etc.

Valoraranse as actitudes que se desprenden do desenvolvemento de actividades voluntarias relacionadas con estes aspectos e pautas de comportamento (a través da aula virtual).

## **18. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE**

A singularidade da educación secundaria de adultos a distancia supón que, aínda que sexa consciente da diversidade do alumnado matriculado nesta ensinanza (disposición horaria, idade, tempo que pasou dende que realizou os seus últimos estudos regrados, motivación, discapacidades físicas, etc.), o escaso contacto presencial, unido á chegada de novos alumnos matriculados até datas moi próximas á realización da primeira proba escrita no primeiro cuadrimestre, fai que sexa moi difícil traballar a diversidade específica do alumnado. Con todo, na planificación dos obxectivos e contidos está presente a gradación de diferentes ritmos de aprendizaxe que abrangan unha variedade tal que permita traballar co alumnado para lograr acadar as competencias básicas establecidas para o módulo.

Ademais dos contidos e actividades obrigatorias, ao longo do módulo presentaranse na aula virtual un conxunto de actividades de reforzo e ampliación, que teñen por obxectivo ofrecer os recursos básicos para que todo o alumnado poida acadar o máximo desenvolvemento das competencias básicas e os obxectivos do módulo.

## **19. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES**

A singularidade da educación a distancia fai que sexa imposible deseñar actividades complementarias e extraescolares para que participe o conxunto do alumnado matriculado nos módulos. Se xa somos conscientes da importancia de superar a aula para o logro das competencias básicas, no ensino a distancia isto é máis que evidente aínda que se aproveiten todas as oportunidades que ofrece unha aula virtual.

O profesor, cando sexa posible, fará mención a todas as posibilidades artísticas, culturais e científicas que se organicen na nosa comunidade, sendo consciente de que a dispersión territorial do alumnado e a multiplicidade de actos fará imposible o coñecemento e a asistencia á maioría deles.

IES SAN CLEMENTE – SANTIAGO DE COMPOSTELA – SETEMBRO 2023  
Profesor: Leonel Capote Hernández